



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO DE PERCEBE DA CONFRARÍA DA GUARDA APROBADO PARA O ANO 2019 E PRORROGADO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2021.

ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 14 de febreiro de 2020 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para cubrir sete (7) cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación para a Confraría de pescadores da Guarda.
2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron tres (3) solicitudes ao proceso selectivo.
3. Por Resolución do 3 de abril de 2020 faise pública a relación provisional das embarcación admitidas.
4. Non se presentaron reclamacións contra a resolución provisional no prazo establecido ao efecto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia*, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece que: “A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión”.
2. A Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019, autoriza o plan para a extracción de percebe dende embarcación presentado pola Confraría de Pescadores da Guarda.
3. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

Servizo de Recursos Mariños
R/. Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar a relación definitiva das embarcacións seleccionadas para elaborar as listas para incrementar sete (7) cotas de captura no permiso de explotación para o recurso específico de percebe, para as embarcacións incluídas no plan de xestión da Confraría da Guarda (Anexo I).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Copia compulsada do certificado de percebeiro, agás no suposto de autorización expresa das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar (a autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e da Confraría de Pescadores correspondente.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015).

Os prazos establecidos nesta resolución comezarán a contar dende o día seguinte a aquel no que perda vixencia o *Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19* e, no seu caso, as súas prórrogas.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACION TERRITORIAL DE VIGO
Xefatura Territorial da Consellería do Mar

galicia

Servizo de Recursos Mariños
R/.Concepción Arenal, 8, 4ª planta
36201 – Vigo
Tfno.: 986 817 125 Fax: 986 817 030
sección.pesca.vigo@xunta.gal

ANEXO I

Embarcacións seleccionadas para o incremento de cotas de captura no Plan de xestión para o recurso específico de Percebe da Confraría da Guarda

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1. EMBARCACIÓN CUNHA SOA COTA DE CAPTURA NO PLAN DE XESTIÓN	2. EXPERIENCIA PROFESIONAL DO ARMADOR	3. HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	TOTAL
CHELINO	3ºVI7 10-06	5	4	3	12,0
CHELINO DOUS	3ºVI7 1-13	5	4	2	11,0
CAYAC	3ºVI7 13-06	0	0,6	1	1,6

1. Embarcacións que só teñen unha cota de captura: 5 puntos
2. Experiencia profesional no sector da persoa armadora da armadora: máximo 4 puntos
3. Habitualidade da actividade pesqueira: máximo 3 puntos



Xacobeo 2021

